

Na nómina do mes de xaneiro, a xerencia regularizará a xornada complementaria do ano 2010. Como ben vimos informando, esta regularización presentará erros de cómputo do aplicativo informático de PACs para o pago da chamada “xornada complementaria”.

CIG-Saúde continúa a denunciar o cómputo incorrecto que fai o aplicativo informático para o pago da xornada complementaria, sobre todo no caso do cómputo que fai dos permisos oficiais e ITs. Nestes casos, por cada día ausente, o programa non computa as horas de garda recollidas en calendario –como para o resto do persoal do SERGAS-, senón 4.6 horas con independencia do horario de garda (7 horas se a garda é de 15 a 22 horas, 10 horas se a garda é de 22 a 8 horas, 12 horas se a garda é de 8 a 22 horas). Polo tanto, isto fai que todo aquel que disfrutou das súas 63 horas de días de libre disposición no ano 2010, lle acabe debendo xornada á empresa, e moita máis débeda presentarán os que tiveron baixas repetidas e curtas durante este ano.

Por este motivo, dependendo das ausencias, esta regularización nalgúns casos dará un negativo nese concepto das vosas nóminas; noutros casos, a regularización dará un positivo, positivo resultante do pago da xornada complementaria, que non diferencia se ese pago é de xornada voluntaria ou horas de vacacións, días de libre disposición ou horas de exceso de xornada non desfrutadas durante o ano 2010.

É dicir, por unha banda o programa informático non computa correctamente os días de ausencia (4,6 horas no trocante de 7 horas normais dunha garda de 15 a 22 horas) e, por outra banda, chámalle xornada complementaria a toda aquela xornada realizada por riba da efectiva para o ano 2010 (1430 horas), sen diferenciar se ese pago é de xornada voluntaria ou vacacións / LDs / exceso de xornada non desfrutadas.

Aviso para persoal de PACs

Mércores, 22 Decembro 2010 15:56

Por todo o anterior, recomendámosvos que solicitedes a vosa ficha de xornada realizada durante o ano 2010, e que revisedes as vosas nóminas e fagades contas.

Deixámosvos aquí un [modelo de solicitude da ficha de xornada](#) .